

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 19 de setembro de 2025, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA** en substitución de **D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO** na vacante pola renuncia de **D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 5 de setembro de 2025.

2.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCIÓNS, DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, PARA A ADQUISICIÓN E REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSAIS E VESTIARIO PROPIO DE AGRUPACIÓNS MUSAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (EXPTES. 2025004268, 2025054513)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro, para a adquisición e reparación de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia para o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 172, de 10 de setembro de 2025. A finalidade destas axudas é reforzar e favorecer a calidade musical das nosas agrupacións musicais co fin de que poidan incrementar a actividade cultural no noso territorio. As entidades poderán optar a dúas liñas de actuación: a liña 1, para a adquisición de equipamento musical e vestiario e a liña 2, para a reparación de equipamento musical e vestiario, presentando unha única solicitude por cada unha delas. A contía da subvención concedida non poderá exceder o 75% do orzamento total presentado e o importe máximo que poderá percibir cada entidade beneficiaria será de tres mil euros (3.000,00 €).

Estas subvencións convócanse con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/330.3340.789.00 e 25/330.3340.489.05 por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €), repartidos en cento setenta mil euros (170.000,00 €) para a liña 1 e trinta mil euros (30.000,00 €) para a liña



2. As solicitudes presentaranse mediante o formulario dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, acompañado dunha memoria explicativa. O prazo de presentación de solicitudes remata o 10 de outubro de 2025.

3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2025 (EXPTE. 2025004263)

O presidente dá conta da aprobación na Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión ordinaria do día 12 de setembro de 2025, da concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais no ano 2025. As bases desta convocatoria foron publicadas no BOPP núm. 87, de 9 de maio de 2025, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes era dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das mesmas. As axudas económicas, en concorrencia competitiva, correspondían á liña 1, dotada con douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €) para as actividades de posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da provincia, os festivais, mostras, encontros ou certames culturais, e á liña 2, dotada con cincuenta mil euros (50.000,00 €) para a participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais e intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical e cultural fóra da comunidade autónoma de Galicia.

Rematado o prazo de solicitude e trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 03/09/2025, a xefatura do Servizo de Cultura, con data 03/09/2025, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas, de acordo aos criterios establecidos nas bases da convocatoria. En base ao exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025, por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €) con cargo á aplicación 25/330.3340.489.05, distribuídos do seguinte xeito:

- Na liña 1, apróbase a concesión de subvencións a 194 asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que figuran na relación co CSV: OQ7VPPLX4TEJ2UIP. Quedan excluídas nesta liña 18 solicitudes polos motivos que se indican na relación que figura co CSV: E396K8E18MJ2OCEN.
- Na liña 2, apróbase a concesión de subvencións a 35 asociacións e entidades sen ánimo de lucro, as cales figuran na relación co CSV: L7AMQEAPVGSJSVRL. Quedan excluídas nesta liña un total de 9 solicitudes polos motivos que se indican na relación que figura co CSV: EGEQALKYDLSHZBJ9.

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) PARA RECUPERAR A LIÑA DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO E FLUVIAL CON DOTACIÓN SUFICIENTE NO ORZAMENTO DE 2026 E SUCESIVOS (EXPTE. 2025062723)



O grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Deputación de Pontevedra presentou o día 16 de setembro de 2025, co número de rexistro WEB2025065023, unha moción para recuperar a liña de axudas da Deputación de Pontevedra á rehabilitación e conservación do patrimonio marítimo e fluvial, cuxo contido é o seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA RECUPERAR A LIÑA DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO E FLUVIAL CON DOTACIÓN SUFICIENTE NO ORZAMENTO DE 2026 E SUCEIVOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza posúe unha ampla e intensa relación co mar que ten repercusión no ámbito económico, social, deportivo, artístico e cultural. Unha mostra significativa desta relación é a existencia dun patrimonio tanto material como inmaterial arredor da embarcacións tradicionais e as carpinterías de ribeira.

A principios dos anos 90 do século pasado naceu na Galiza un movemento cultural enfocado a recuperación, mantemento, rehabilitación, conservación e divulgación da cultura marítima e fluvial, que ten cristalizado na Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, CULTURMAR, que agrupa a máis de 40 entidades de distinto carácter xurídico. Na costa da provincia de Pontevedra existen un total 23 asociacións ou entidades con esa finalidade.

Este tecido asociativo, con moi poucos medios e recursos pero moita vontade e esforzo colectivo, está a cargar sobre a si o peso de recuperar, rehabilitar, conservar e divulgar a riqueza tipolóxica das embarcacións. Entre outros eventos, teñen organizado 17 edicións do Encontro Galego de Embarcacións Tradicionais, bianual dende 1993.

O interese polo patrimonio marítimo fluvial non só se cingue ao ámbito sociocultural. A cultura marítima ten sido tamén obxecto de regulación dende o eido da administración pública galega, incluíndo a Xunta de Galicia as fábricas de salgadura, as carpintarías de ribeira e as embarcacións tradicionais do litoral e dos ríos de Galicia como obxecto de declaración de bens de interese cultural e catalogación ao abeiro da Lei 5/2016 de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia. Tamén se ten elaborado o Censo de Embarcación Tradicionais e Barcos Históricos de Galicia.

No ámbito provincial, incluso o presidente popular Rafael Louzán na Deputación abriu liñas de axudas puntuais para contribuír ao mantemento do patrimonio marítimo fluvial. Posteriormente, durante o período 2020-2024 a Deputación de Pontevedra publicou anualmente, xa de maneira estable, subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a ‘Recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra’, co fin de facilitar rehabilitacións e mantemento de bens, así como fomentar o seu uso en actividades de promoción sociocultural.



A pesares da importancia das axudas provinciais para a viabilidade da recuperación do patrimonio marítimo fluvial, que sería imposible unicamente coa achega das persoas socias das entidades da cultura mariñeira, o actual goberno da Deputación de Pontevedra eliminou este exercicio a liña de subvencións neste 2025.

O vixente goberno popular rachou así coa súa propia liña actuación no 2024, coa acción política do anterior goberno provincial bipartito, coa do goberno de Rafael Louzán, e tamén coa filosofía da propia Xunta de Galicia, dando un novo paso na súa falta de interese e no abandono do mantemento do patrimonio cultural. Cabe lembrar que a eliminación das axudas ao patrimonio marítimo fluvial súmase á eliminación das subvencións para recuperación e sinalización do patrimonio e a eliminación da simboloxía franquista por parte dos concellos.

A falta de sensibilidade política do Partido Popular provincial neste sentido é reprochable e merece a nosa reprobación política. Cabe sinalar que en todos os lugares do mundo onde existe un mínimo de conciencia do propio, da cultura de seu, e dos atributos que constitúen o acervo dun pobo, o patrimonio marítimo é conservado, recuperado e posto en valor, como acontece, entre outras localidades, en Portugal ou no País Basco.

Na nosa provincia, pola contra, coa supresión das axudas de patrimonio marítimo fluvial, o tecido asociativo vese agora carente de recursos para acometer as labores que permiten manter en bo estado o conxunto de embarcacións tradicionais, o que na práctica supón abocalo á desaparición.

Por todo isto, o grupo provincial do BNG SOLICITA ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a convocar novamente e de maneira estable a liña de axudas para o mantemento, conservación e rehabilitación do patrimonio marítimo e fluvial con dotación suficiente no orzamento de 2026 e sucesivos.

2. Solicitar ao goberno provincial que consensúe con Culturmar o contido, condicións, e contía económica das partidas, xunto con todos aqueles aspectos que teñen que ver cos criterios de valoración e resolución de concesión das axudas, co fin de permitir unha diversificación de actividades, que vaian dende a reparación, conservación, rehabilitación á construción de réplicas.

3. Dar traslado do acordo do Pleno á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

Sometida a votación a moción do grupo provincial do BNG instando a que se recupere a liña de axudas para a rehabilitación e conservación do patrimonio marítimo-fluvial, obtívose o seguinte resultado:

1. Votos a favor: (2), do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
2. Votos en contra: (9), do grupo provincial do Partido Popular (PP)
3. Abstencións: (6), do grupo provincial do PSdeG-PSOE



A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico ditamina desfavorablemente a moción presentada polo grupo provincial do BNG para “recuperar a liña de axudas da Deputación de Pontevedra á rehabilitación e conservación do patrimonio marítimo e fluvial con dotación suficiente no orzamento de 2026 e sucesivos”, cos votos a favor das deputadas e deputados do grupo provincial do BNG, cos votos en contra dos deputados e deputadas do grupo provincial do PP e coas abstencións dos deputados e deputadas do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

